

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

O IES Carlos Casares atópase nas aforas da cidade de Vigo e o alumnado é de familias de clase media e a maior parte das veces implicados na educación dos seus fillos. O centro conta con pizarras dixitais e conexión a internet en todas as aulas, ademais utilízase con bastante frecuencia a aula virtual do centro para que o alumnado poida atopar material de apoio, exercicios resoltos co fin de que a súa aprendizaxe mellore tamén traballando na casa. Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

No 1º curso da ESO, na materia de Proxecto Competencial, hai tres grupos compostos por 26 alumnos e alumnas en 1º ESO A, 18 en 1º ESO B e 25 en 1º ESO C con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

O proxecto denomínase "En busca da felicidade aprendendo" e usará como referente o libro "Atlas de los países en busca de la felicidad" de editorial Larousse. A través dese libro primeiro analizaremos diferentes factores que a xente asocia á sentirse ben e que dan a felicidade, despois farase unha investigación e análise de factores que faciliten a aprendizaxe e fagan desta algo agradable, sobre todo no centro escolar, e finalmente elaborarán un libro/informe similar ó presentado no libro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que é iso da felicidade? O que din	A partir do libro "Atlas de los países en busca de la felicidad" aprenderemos a interpretar e representar información e datos	33	11	X		
2	Que é a felicidade aquí?	Aprenderemos a usar ferramentas para poder nos facer unha investigación similar á do libro no contexto dun centro escolar e buscando os factores que dan a felicidade aprendendo. Unha vez establecidos farase a recollida de datos da investigación	33	12		X	
3	Que é a felicidade? O que descubrimos	Finalmente plasmaremos os resultados, conclusións e propostas da nosa investigación nun libro	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que é iso da felicidade? O que din	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática seleccionada.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Que é a felicidade aquí?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Que é a felicidade? O que descubrimos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o resultado do proxecto	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía caracterizarase principalmente pola súa natureza activa, competencial e cooperativa, de xeito que o alumnado se converta en protagonista da súa aprendizaxe. Para isto, combínanse diferentes enfoques nos que se busca:

- Favorecer que o alumnado traballe, desde o inicio de cada sesión, en contextos de resolución de retos e problemas abertos.
 - Potenciar a participación en pequenos equipos heteroxéneos, nos que se fomenta a interacción, a corresponsabilidade e a autorregulación.
 - Promover dinámicas de exploración guiada, onde o docente actúa como facilitador, favorecendo o debate, a formulación de hipóteses e a construción compartida do coñecemento.
- Para isto incorpóranse metodoloxías como:

- Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP): como eixo central, favorecendo a integración de contidos de distintas áreas e xerando produtos finais con utilidade e impacto real.
- Aprendizaxe cooperativa: coa distribución de roles dentro dos equipos (coordinador, portavoz, secretario, avaliador) para mellorar a eficacia do traballo conxunto.
- Aprendizaxe baseada en problemas (ABPbl): para o tratamento de situacións concretas que requiran o desenvolvemento do pensamento crítico e a toma fundamentada de decisións.
- Metodoloxías activas de investigación e indagación: que impulsen o uso de fontes variadas, a análise crítica de información e a produción de materiais propios.
- Uso de TIC e ferramentas colaborativas dixitais: para documentar procesos, presentar resultados e facilitar a comunicación entre os grupos.

En síntese, as concrecións metodolóxicas desta materia pretenden crear un contorno de aprendizaxe dinámico e participativo, onde o alumnado aprenda facendo, cooperando e reflexionando, desenvolvendo tanto as competencias clave como as habilidades sociais, comunicativas e de pensamento crítico necesarias para a súa vida académica e persoal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipos informáticos (ordenadores e tablets na aula e ordenadores na aula de informática)
Caderno de traballo
Material elaborado polo docente para facilitar a planificación do proxecto
Libro "Atlas de los países en busca de la felicidad" (copias na biblioteca)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Ademais, nalgúnha sesión empregaremos ordenadores para desenvolver a traballo. Para iso, no centro contamos tanto con ordenadores e tablets para uso na aula, como tamén ordenadores na aula de informática

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As primeiras sesións, realizarase diferentes actividades e conversas co alumnado que faciliten información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación final virá dada pola nota que resulte das táboas de indicadores, como distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos procedementos anteriormente descritos e que se presentará o alumnado previamente ao traballo. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como: a implicación no traballo cooperativo, a calidade na comunicación oral e escrita, a rigorosidade na análise de información, a creatividade na elaboración de produtos finais e a capacidade de reflexión crítica sobre a propia aprendizaxe. Puntos destacables de cada avaliación:

Primeira avaliación

- Interpretar e analizar información procedente de fontes diversas (gráficos, mapas e datos do libro Atlas de los países en busca de la felicidad e outros recursos) para identificar factores sociais, culturais e económicos relacionados coa felicidade.
- Comunicar conclusións de xeito razoado e argumentado.
- Participar en actividades cooperativas respectando roles e normas, contribuíndo á análise compartida dos datos.
- Mostrar curiosidade e capacidade crítica diante de diferentes percepcións sobre a felicidade no mundo.

Segunda avaliación

- Diseñar, realizar e aplicar instrumentos de recollida de información (enquisas, entrevistas, observación) para investigar que factores inflúen na felicidade escolar e na aprendizaxe.
- Analizar os resultados acadados establecendo comparacións e relacións con outras fontes de información (documentais como Camino a la escuela ou experiencias locais).
- Expresarse de forma clara en debates, exposicións e presentacións, coidando a adecuación ao contexto e ao público.
- Traballar en equipo asumindo responsabilidades e contribuíndo á reflexión conxunta sobre a relación entre educación, aprendizaxe e benestar.

Terceira avaliación

- Integrar a información recompilada ao longo do proxecto para elaborar un produto final (libro e informe) que recolla de forma coherente e organizada as conclusións sobre a felicidade nas escolas.
- Planificar e desenvolver as tarefas de redacción, deseño e revisión dos materiais, facendo un uso correcto das ferramentas dixitais e colaborativas.
- Avaliar criticamente o propio proceso de aprendizaxe e o funcionamento do grupo, identificando fortalezas e melloras posibles.

- Comunicar publicamente os resultados do proxecto, amosando iniciativa, creatividade e respecto polas achegas de todo o alumnado.

A nota da avaliación final virá dada pola media aritmética das tres avaliacións parciais. O resultado dos cálculos redondearase cara á unidade seguinte.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno ou alumna non realice as tarefas asignadas ou non coopere de maneira axeitada no grupo de traballo, dificultando o desenvolvemento do proxecto, e deste xeito non superando a avaliación, deberá realizar unha proba escrita individual. Esta proba consistirá en diferentes cuestións tipo test de resposta única relacionadas cos contidos e procesos traballados no proxecto. A cualificación obtida nesta proba constituirá a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual maneira, poderá establecerse como alternativa a elaboración dun traballo individual de carácter práctico, vinculado cos contidos competenciais da avaliación. Este traballo poderá consistir na análise e comentario de datos, na realización dunha pequena enquisa ou na proposta dunha actividade concreta relacionada co proxecto. O obxectivo é recuperar os obxectivos de aprendizaxe mínimos e demostrar a adquisición das competencias básicas.

Así mesmo, no caso de que un alumno ou alumna obteña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, tamén con preguntas tipo test de resposta única sobre os aspectos fundamentais abordados ao longo de todo o proxecto. Neste caso, poderá igualmente solicitarse a entrega dun informe complementario que recolla reflexións persoais sobre o proceso, co fin de valorar a súa capacidade de análise, síntese e aplicación dos contidos.

A cualificación da dita proba, ou da combinación da proba e do traballo práctico, se así se determina, será a nota correspondente á avaliación final ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado de 2º, 3º ou 4º da ESO que teña a materia pendente, esixiráselle o mesmo grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación que ao alumnado que a cursa por primeira vez.

Este alumnado deberá elaborar e entregar un proxecto de temática libre que lle permita demostrar a adquisición das competencias e obxectivos mínimos da materia. O proceso de avaliación desenvolverase do seguinte xeito:

- De setembro a novembro: entrega dun dossier coa planificación, xustificación e escolla da temática do proxecto.
- De decembro a febreiro: presentación das diferentes fases de execución do proxecto, achegando evidencias de traballo e produtos intermedios.
- De marzo a maio: presentación final do proxecto completo, tanto en soporte escrito como, se é o caso, mediante exposición oral ou audiovisual.

Como instrumentos de avaliación empregaranse listas de cotexo e rúbricas específicas asociadas a cada procedemento. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como: o cumprimento das tarefas encomendadas, a calidade e claridade da presentación, a orde e organización do traballo, a coherencia e coherencia do produto final, así como a claridade expositiva.

A cualificación final da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

O carácter aberto, flexible e interdisciplinar do traballo por proxectos facilita de seu a atención á diversidade do alumnado, xa que permite diferentes niveis de profundización, adaptación de tarefas e variedade nos produtos finais. A metodoloxía activa empregada promove a participación de todo o alumnado segundo as súas capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe.

As medidas xerais de atención á diversidade que se aplicarán nesta materia son as seguintes:

- Flexibilización das tarefas: ofreceranse opcións diferenciadas na complexidade dos produtos, nas fontes de información e nas estratexias de resolución, de forma que cada alumno/a poida avanzar segundo o seu nivel de competencia curricular.
- Diversificación de roles dentro dos grupos cooperativos, asignando funcións que se axusten ás fortalezas e necesidades individuais do alumnado.
- Atención ao alumnado con NEAE, coordinándose co Departamento de Orientación e aplicando, cando proceda,

as medidas establecidas no seu Plan de Traballo Individualizado.

En conclusión, as medidas de atención á diversidade intégranse de maneira natural na propia dinámica de traballo por proxectos, garantindo que todo o alumnado, con independencia da súa situación persoal ou académica, teña oportunidades reais de participación e éxito na aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No marco do proxecto sobre a felicidade, integrárase de maneira transversal a promoción dos valores e actitudes fundamentais para a convivencia, o benestar e o desenvolvemento persoal e social do alumnado. Así, no deseño e desenvolvemento das actividades fomentáranse especialmente:

- A igualdade entre mulleres e homes, evitando estereotipos e favorecendo a visibilización de diversas formas de ser e estar no mundo que contribúen á felicidade.
 - O respecto mutuo e a cooperación, promovendo o traballo en equipo e a valoración das achegas individuais e grupais como fonte de benestar compartido.
 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, vinculando a felicidade a un estilo de vida respectuoso co medio ambiente e socialmente responsable.
 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, fundamental para unha convivencia baseada na empatía, o diálogo e a xustiza social.
 - A interiorización dos valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo e democracia, promovendo a formación de cidadáns críticos e comprometidos coa convivencia pacífica e a non discriminación en todas as súas formas (sexo, orientación sexual, identidade de xénero, orixe, crenzas ou diversidade funcional).
- En definitiva, o proxecto sobre a felicidade fomenta a aprendizaxe integral que combina coñecementos, habilidades sociais e valores indispensables para a construción dunha sociedade máis humana, respectuosa e feliz para todas as persoas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O proxecto é de todos	O produto final do proxecto terá difusión en todo o instituto, de poderse imprimir un libro, deixarase unha copia deste na biblioteca e entregarse un tríptico resumo de propostas ao ED			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
En cada avaliación déronse os temas programados
Metodoloxía empregada
O alumnado fai unha valoración positiva desta, xa que lles permite acadar os seus obxectivos para a materia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado considera que os recursos postos a súa disposición lle permiten ter un proceso de aprendizaxe adecuado
Medidas de atención á diversidade
O alumnado que precisa destas medidas acadou uns resultados acorde ao seu traballo e obxectivos
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula non perxudicou á planificación da materia
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ningunha familia expresa e proba descoñecemento dos resultados do seu fillo ou filla en cada unha das avaliacións

Descrición:

Este indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

No caso de non lograr o nivel de excelente farase unha reflexión para indicar pautas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso realizarase un seguimento da programación indicando para cada un dos temas as alteracións feitas e as causas que as provocaron. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización.

Para cada problema que se atope neste seguimento faranse propostas de mellora que quedarán reflexadas nos comentarios do seguimento.

9. Outros apartados